

Pontos máis interesantes da **entrevista** que lle fixo Entremos a **un antigo traballador da Panificadora**. Enrique Fontán C. falanos dende os seus 90 anos de como era a vida e traballo na Panificadora nos **anos 30 e 40**; tamén fai memoria da cidade nos anos do franquismo, da súa dedicación ao sindicalismo e **o que pensa sobre o estado actual da súa fábrica**.

8 DE MAIO DE 2009, A TARDIÑA NA TERRAZA DO BAR JAVI, COIA, VIGO.

**O VELLO:** Enrique Fontán C.

**ENTREVISTADOR:** Enrique Fontán C., e de dónde é? é de Vigo?

**ENRIQUE:** De Vigo, nacido en ... en Pereiró.

**ENTREVISTADOR:** En Pereiró...

**ENRIQUE:** No cemiterio non, fora (*rí*)

**ENTREVISTADOR:** (*ríndo*) No xa, de ahí no nace ninguén. Claro que non. Eh... e entón, e cándo, sempre foi panadeiro? Desde... desde mozo

**ENRIQUE:** Eu fun, panadeiro, estiven en panadería por miña conta, dous anos, sei...

**ENTREVISTADOR:** Cándo empezou a traballar?

**ENRIQUE:** Eh?

**ENTREVISTADOR:** Cantos anos tiña cando empezou a traballar?

**ENRIQUE:** Eu entrei a traballar no ano 35.

**ENTREVISTADOR:** No ano 35.

**ENRIQUE:** Con 16 anos.

**ENTREVISTADOR:** Onde?

**ENRIQUE:** Eeeeh... no ano corenta..eeee...dous, corenta e catro.

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** Xa deixei a Panificadora. Entonces os compañeiros, e tal a dici...

**ENTREVISTADOR:** Cómo? empezou a traballar no ano 35!

**ENRIQUE:** Eh?

**ENTREVISTADOR:** No ano 35!

**ENRIQUE:** Sí

**ENTREVISTADOR:** Na Panificadora.

**ENRIQUE:** Sí.

**ENTREVISTADOR:** E cómo conseguiu o traballo? Cómo entrou alí a traballar?

**ENRIQUE:** Cómo entrei alí?

**ENTREVISTADOR:** Sí

**ENRIQUE:** Porque meu pai era accionista.

**ENTREVISTADOR:** Era accionista. Era panadeiro él tamén.

**ENRIQUE:** Eh?

**ENTREVISTADOR:** Teu pai, era panadeiro?

**ENRIQUE:** Sí, sí, sí. Meu pai era accionista, tiña a panadería. Foi un momento donde Valcarcel, o dueño, que efectivamente era unha compañía anonima, non era o dueño pero...

**ENTREVISTADOR:** Sí era o... director

**ENRIQUE:** O Valcarce era o que manda, o que pasa e que como non, non ...

(...)

**ENRIQUE:** De aquela eu inda...: eu no, daquela non, porque eu entrei no ano 35 entrei con... iba facer eu 16 anos.

**ENTREVISTADOR:** Dazaseis anos.

**ENRIQUE:** Entón votei hasta o 44, tal, e despois. E deixei porque un irmán meu puxera panadería, entón me pediu para que fora con él, e eu deixei. E despois entonces me chamaron os panadeiros, os obreiros, que andaba moi mal, daquela non se descansaba os Domingos; hoxe tampouco, outra vez xa rompeu todo.

**ENTREVISTADOR:** Xa

**ENRIQUE:** Xa está todo isto.

**ENTREVISTADOR:** A destajo, non?

**ENRIQUE:** Porque os panadeiros a máis que descansaban a o... Descansaban todas as semanas, correlativo: esta semana Lunes, outro Martes, outro Mércores,.. pero que el Domingo non se paraba de traballar.

**ENTREVISTADOR:** Xa, xa.

**ENRIQUE:** Bueno. Entonces.

**ENTREVISTADOR:** E qué traballo facía vostede alí exactamente?

**ENRIQUE:** Eh?

**ENTREVISTADOR:** Alí, qué traballo facía, que posto tiña?

**ENRIQUE:** Eu estaba na panadería e iba para cualquier puesto: pa o forno, que eran alemáns...

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** ... que non os hai hoxe.

**ENTREVISTADOR:** Cómo eran os fornos, por qué, qué tiñan de especial?

**ENRIQUE:** Eran uns fornos que daquela en España non había outros. E despois se montou a mol... a molinera.

**ENTREVISTADOR:** A molinera.

**ENRIQUE:** E todo...

**ENTREVISTADOR:** Para moler o grán.

**ENRIQUE:** Sí. Todo aquilo era unha maravilla traballando, había choio. E facíamos o pan, e iba o pan pa Moaña, pa Cangas, mandábamos todo por ahí.

**ENTREVISTADOR:** E cómo, cómo era o proceso a que hora empeza, a que hora empezaba a traballar

**ENRIQUE:** Uns, que falando da Panificadora, as Dos, as Dúas...

**ENTREVISTADOR:** As dúas.

**ENRIQUE:** Da madrugada.

**ENTREVISTADOR:** As dúas da madrugada empezaba o primeiro turno.

**ENRIQUE:** Ata as Dez, Once, depende.

**ENTREVISTADOR:** E qué se facía? O proceso enteiro?

**ENRIQUE:** Sí, sí. E despois viñan outros, que facían porque...pa os barcos.

**ENTREVISTADOR:** Pa os barcos, para o porto tamén.

**ENRIQUE:** Éeee... facemos pan para os barcos e eles. Viña entón, había un turno de día, lle chamábamos turno de día, de cuatro, que viñan e limpiaban as máquinas e facían un pan se había pedido e tal, non? Así foi aaa... o que é a Panificadora. A Panificadora, non estou moi seguro pero creo que sí, que a Panificadora se fundou no ano 20.

**ENTREVISTADOR:** Vintecatros. A Compañía, no ano 20, a fábrica alí, da Falperra, no 24.

**ENRIQUE:** Pero? cando se formou, no 24.

**ENTREVISTADOR:** No 24 empezou a funcionar eso, os hornos alemáns, e todo alí na Falperra.

**ENRIQUE:** Éeee, pero, pero por eso te digo, pero se fundou, creo que no ano 20 mentres se...

**ENTREVISTADOR:** A Compañía sí, o Valcarce, o Reboreda

**ENRIQUE:** Eso é, Valcarce, Reboreda,... moitos, eran moitos. Entón, así foi. Despois se montou a Molinera, iso xa era unha cousa, buh! buh! (*movendo os brazos*)

**ENTREVISTADOR:** A Molinera? A Molinera Gallega?

**ENRIQUE:** Encima da panadería, do edificio.

**ENTREVISTADOR:** Ah! Sí, sí.

**ENRIQUE:** Aqueles tubos que miras redondos, que se miran dende arriba, do Castro.

**ENTREVISTADOR:** Sí, os silos.

**ENRIQUE:** Ahí era, tubos da fariña

**ENTREVISTADOR:** Da fariña, os silos aqueles, os depósitos eran para a Fariña

**ENRIQUE:** Éeee, da fariña. Ahí, e se traballaba moito. E despois quixeron ampliar máis o negocio deles, é o egoísmo de querer ama...amarrar todo, non sabes?

**ENTREVISTADOR:** Querían facer todo.

**ENRIQUE:** Fixeron, este cómo... comida para os animais, piensos.

**ENTREVISTADOR:** Os piensos.

**ENRIQUE:** E ahí foi un fracaso

**ENTREVISTADOR:** Eso foi un fracaso, porque foi un fracaso?

**ENRIQUE:** Entón, a partir de ahí, un dos fillos de Valcarce, o máis novo que morreu, chegou a ser alcalde en Vigo pero pouco tempo. Porque o alcalde que había en Vigo, él era teniente alcalde, o alcalde, o alcalde que había en Vigo marchou o final, entón pasou teniente alcalde, pero moi pouco tempo. E eu o que te podo dicir de todo eso é, que despois estallou O Movimiento no ano 36.

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** E entón ao estallar O Movimiento, empezamos a facer os chuscos para os militares.

**ENTREVISTADOR:** Para os militares.

**ENRIQUE:** E ahí xa se traballaba a diestro e siniestro.

**ENTREVISTADOR:** Se traballaba?

**ENRIQUE:** A diestro y siniestro.

**ENTREVISTADOR:** A todo, sen parar.

**ENRIQUE:** Claro, claro.

**ENTREVISTADOR:** Había que suministrar o Ejercito

**ENRIQUE:** Mandábamos, mandábamos pan pa Asturias.

**ENTREVISTADOR:** Para os destacamentos de Asturias, non? Para os mili...

**ENRIQUE:** ... de Asturias, porque estaba alí o Ejercito e... todo eso. E eso fue, como no mes de Setembro. Pero despois resucitou que,..., foi a menos, a menos, en fin...

**ENTREVISTADOR:** Notaba menos traballo.

**ENRIQUE:** Eh?

**ENTREVISTADOR:** Notaba menos traballo? Quere decir

**ENRIQUE:** No porque os demais panadeiros baixaron un pouco o pan, e eles non baixaban.

**ENTREVISTADOR:** A Compañía non quería baixar o...

**ENRIQUE:** Nada, no, a Panificadora ahí se aguantaba, e tal. Pero despois morreu o vello, e xa a cousa foi peor.

(...)

**ENRIQUE:** E todo eso foi así. E a panadería agora o tempo, pouco a pouco, cerrouse.

**ENTREVISTADOR:** Cerrou.

**ENRIQUE:** Entonces, ahora na actualidá, anda o Ayuntamiento ahí: que se o quere, que se o vende, que se compran; é unha pena.

**ENTREVISTADOR:** Xa, é unha pena, é.

**ENRIQUE:** E una industria coma esa, foi unha pena. Bueno, e así quedou a cousa, de momento.

**ENTREVISTADOR:** Pero eu quero que me fale, de o seu traballo na fábrica.

**ENRIQUE:** O meu?

**ENTREVISTADOR:** Sí, os seus compañeiros. Cantos eran?

**ENRIQUE:** Ah, pueh...de.. de noite traballando e...eramos...*(para sí)*..., dos, tres, catro...uns quince.

**ENTREVISTADOR:** Uns quince.

**ENRIQUE:** Daquela con dous chegaban as panaderías pequenas.

**ENTREVISTADOR:** E alí

**ENRIQUE:** E eran quince. Encargaos... todos. Había fornos esos alemáns, con maquinaria, moi bos.

(...)

**ENRIQUE:** O pan traballamos de noite. Despois había outros, que chegaríamos os vinte, que...

(...)

**ENRIQUE:** Todo deso, xa todo saía de ahí, iba paraaa... Moaña, mandábamnos pa Cangas, Bueu e esos ayuntamentos. Digo esto porque cando estábamos traballando no forno, o forno era automático, e saía así por un tubo, e iba pa baixo o pan. Do forno,...

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** ..., salía, que eran, eran planchas así (*Toda a explicación acompañada cos brazos*). Eu estaba aquí e o compañeiro aquí, cuns aparatos para que enchíamos esto, íbamos para esto de toldo, e se marchaba que o forno era así de grande. E despois se graduaba: vinte, trinta, cada o tempo que creías que...

**ENTREVISTADOR:** Que estivese dentro.

**ENRIQUE:** ..., que era necesario. Entonces, así foi.

(...)

**ENRIQUE:** Estaban os camións.

**ENTREVISTADOR:** Ahá.

**ENRIQUE:** Que os camións, ee..eses estiveran no Movimiento e todo eso, no? E viñeron de, de por ahí arriba, durante a guerra traían os camións...

(...)

**ENRIQUE:** Eh! Entón, éramos moitos, quince nun turno, tal, eu calculo como, na molinera tamén había por turnos. Despois tiñamos os, os chóferes; había un taller para arreglar os coches cando se quedaban.

**ENTREVISTADOR:** Tiña un taller tamén? Taller mecánico?

**ENRIQUE:** Sí, dentro de..., sí, pero para casa.

**ENTREVISTADOR:** Para a ca..., para os camiões da Compañía.

**ENRIQUE:** Sí, e para maquinarias.

**ENTREVISTADOR:** Onde estaba o taller? Onde estaba o taller?

**ENRIQUE:** Alí mesmo, no recinto.

**ENTREVISTADOR:** Dentro da...

**ENRIQUE:** Pasaches por alí?

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** Miras aquel muro baixando do Ayuntamiento pa baixo

**ENTREVISTADOR:** A rúa

**A CÁMARA:** ... dos silos, no? Cerca dos silos.

**ENTREVISTADOR:** Non, Cachamuiña no?

**ENRIQUE:** Eh?

**A CÁMARA:** Donde están os silos, para, onde se almacenaba a fariña.

**ENRIQUE:** Sí, sí baixando por alí, hai unha calle estreita: a rúa de Santiago. Pero a outra, a principal.

**ENTREVISTADOR:** A Cachamuiña, que baixa do Concello.

**ENRIQUE:** Eeeh!

**ENTREVISTADOR:** Alí na esquina están, no?

**ENRIQUE:** Eso. Entón tiña un muro así, e así. Isto foi o que se montou, tanto rebaixou para facer a carretera do Castro, sabes. Aquelo era monte.

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** Era un camiño.

**ENTREVISTADOR:** Sí, sí era...

**ENRIQUE:** E pouco a pouco, foise ancheando e hoxe é o que miras ahí.

**ENTREVISTADOR:** A rúa Cachamuiña quere decir.

(...)

**ENRIQUE:** (Risas) E todo así foi. Desapareceu, e despois sabía que si querían comprala, que se

que non querían vendela. Andaban ahí os dueños hasen dolpas (¿?), y está así ahí; eso está así.

**ENTREVISTADOR:** Así. E vostede? O sea, ou..., cándo foi, cándo deixou de traballar alí? Cándo...

**ENRIQUE:** Alá para o Corenta e dous ou así...

(...)

**ENRIQUE:** Eu daquela me entón, me levaron para sindicatos, fun pa sindicatos, e pa sindicatos, *tente*.... Entón empecei a coñecer a Pucho.

**ENTREVISTADOR:** Ajá.

**ENRIQUE:** Os sindicatos ven preparao, non é o parasindicato de Falange.

**ENTREVISTADOR:** Non era o sindicato da Falange.

**ENRIQUE:** Non, o meu non era sindicato de Falange.

**ENTREVISTADOR:** O seu era... aparte?

**ENRIQUE:** Non, estábamos dentro do sindicato, pero o único que aínda estaría o sindicato da UGT hoxe.

**ENTREVISTADOR:** Ajá.

**ENRIQUE:** Non miraches alí?

**ENTREVISTADOR:** O sindicato da UGT, alí en García Barbón?

**ENRIQUE:** Eh!

**ENTREVISTADOR:** Sí, sí.

**ENRIQUE:** Así, indo pa lá a esquerda, aquel edificio da UGT, ese edificio era moito máis pequeno e de tella, xa eu acordo ahí.

**ENTREVISTADOR:** Sí

**ENRIQUE:** Xa eu iba ahí, porque daquela era eu do Partido Socialista...

**ENTREVISTADOR:** Na clandestinidade no?

**ENRIQUE:** ... e da UGT, e da UGT.

**ENTREVISTADOR:** Viu da UGT. Estaba na clandestinidade porque daquela non se podía.

**ENRIQUE:** Claro, e da UGT. Viu o Movimiento tal, e todo desapareceu. Despois se formou os sindicatos, nos formamos os nosos. Os traballadores que estaban sen traballo



**ENTREVISTADOR:** Uhm.

**ENRIQUE:** Viñan alí, do traballo, do grupo de parados, e temos..., a ver cómo te explico, unha sociedade.

**ENTREVISTADOR:** Unha sociedade.

**ENRIQUE:** Entón, todo traballador que estaba desempleado...

**ENTREVISTADOR:** Ía xunto vosa...

**ENRIQUE:** Viña alí, e nos dábamoslle traballo.

**ENTREVISTADOR:** Sí señor, unha oficina de emprego, entón

**ENRIQUE:** Eso! Pero, pero independente.

**ENTREVISTADOR:** Independiente, independente do Movimiento, quere decir?

**ENRIQUE:** Inde...No! Había outros que estaban metidos alí, oficialmente como partidos políticos. Pero eu despois do Movimiento non quise saber nada.

**ENTREVISTADOR:** Nada.

**ENRIQUE:** Nin da UGT nin de Partido Socialista. E a cousa foi...

**ENTREVISTADOR:** Bah! Unha sociedade de traballadores.

**ENRIQUE:** Eh?

**ENTREVISTADOR:** Era unha sociedade de traballadores, digamos.

**ENRIQUE:** Todos traballadores, e traballaban todos. E os panadeiros, aquí sobre todo pequenos; a Compañía e a Madrileña non, Reboreda tampouco, nin Valcarce, ni a Panificadora, eses estaban dentro de m...

**ENTREVISTADOR:** Dentro do Movimiento, quere decir.

**ENRIQUE:** Sí, sí, sí, ese estaba. Entonces, colleron e formáronse os sindicatos. Eu fun a Delegación de Trabajo, e lle dixen que o sindicato que se iba a..., a organizar, de panadeiros que había moitos; cómo non descansaban non había control. Te vou contar un detalle moi curioso, ee... cómo non había control pois a cousa estaba así: entonces collemos nós e formamos, como a Delegación de Trabajo, e lle dixen a delegado de trabajo: -Mire, pasa esto -Pero bueno, no hay una oficina de colocación – Pa nosotros no hay ná – me di – Concho, Fontán, por qué dices que no hay! – Porque mire, xa se fixera unha inspección de trabajo, e se encontraron chavales de aldea a dormir ao lado do caballo, alí a un lado, nunha cuadra.

**ENTREVISTADOR:** Uhum.

**ENRIQUE:** Dormían así.

**ENTREVISTADOR:** Pero..., por qué tiñan que durmir así?

**ENRIQUE:** Porqué os patróns estafaban aos chavales.

**ENTREVISTADOR:** Ajá, os enganaban.

**ENRIQUE:** Dábanlle malamente de comer, dábanlle catro perras, viñan de Mondariz, de todo por ahí a traballar aquí, aos chavales. Claro, como viñan dábanlle de comer o tiñan alí e..., completo, mantidos...

**ENTREVISTADOR:** Mantidos.

**ENRIQUE:** Pero mantidos de mala maneira.

**ENTREVISTADOR:** De criados.

**ENRIQUE:** E durmir aquí, o cabalo. Se encontrou así que non digo eu, se encontrou, aquí estaba o cabalo para repartir o pan, en *carreros*.

**ENTREVISTADOR:** Sí, sí.

**ENRIQUE:** E alí outro departamento no que dormían no suelo, na palla.

**ENTREVISTADOR:** Ajá.

**ENRIQUE:** Bueno, entón autorizou facer o sindicato,

(...)

**ENTREVISTADOR:** E cómo era o patrón, cómo era él? O trato con él digo.

**ENRIQUE:** Cómo?

**ENTREVISTADOR:** O Antonio Valcarce, cómo era él? Como persona quero decir.

**ENRIQUE:** Valcarce?

**ENTREVISTADOR:** Sí

**ENRIQUE:** Moi boa persona.

**ENTREVISTADOR:** Moi boa persoa.

**ENRIQUE:** O pai, moi boa persona, os seus fillos tampouco eran malos, pero xa empezou ir...

(...)

**ENTREVISTADOR:** E no ano trinta e seis, non houbo unha folga, dos traballadores? Se lembra usted?

**ENRIQUE:** Cómo?

**ENTREVISTADOR:** Unha folga. Se movilizaron por algunha...

**ENRIQUE:** No!

**ENTREVISTADOR:** No.

**ENRIQUE:** No.

**ENTREVISTADOR:** Sempre... non tivo ningún problemas, nehum.

**ENRIQUE:** Na Panificadora non había problemas, nunca se foi a unha huelga, todo se resolvía alí.

**ENTREVISTADOR:** Falaban co Antonio,...

**ENRIQUE:** Viñan, se lle chamaba, decía esto, esto y esto... e nunca... se fixo. Entonces así foi hasta que desapareceu. Despois xa un día xa; ah! Porque eu aínda son un neno, con noventa anos; pois collín e deixámolo a cousa así...

**ENTREVISTADOR:** Cántos anos ten agora?

**ENRIQUE:** Noventa.

(...)

**ENRIQUE:** Buuh! Eeee, coa mesma, de feito tiña Valcarce: que se metía un pouco, sabes? Ee...o muchacho era coxo, se llamaba, no se que le había pasao,..., e era un ano máis novo que eu, na quinta de ir a mili. Entonce colleu e;... ese se metía un pouco; se, se me daba, e fun a repartidor, porque había mulleres no? repartidoras, e sabes que era un choio repartidor. Falas con elas, despois te metes con elas, o elas se meten contigo: esas cousas que hai.

**ENTREVISTADOR:** De idade, sí.

**ENRIQUE:** E un día salía eu, con unha que xa terminara de traballar, íbamos andando. E coa mesma colleu e...: -Olles! Ven.- (*Aceno coa man. Risa complice*)

**ENTREVISTADOR:** Jeje...

**ENRIQUE:** -Qué? A ver, qué dices?

-Cómo ves con esa rapaza?

- A repartidora terminou o choio y eu tamén, agora marchamos pa casa.

- Que non te mire, eh! as mulleres son para mí.

(Rí)

**ENTREVISTADOR:** (*Risa*) Había un...

**ENRIQUE:** Era así, simpático tamén. Pero non era mala persona. E máis...

(..)

**ENRIQUE:** Sí, sí. A min cada vez que paso por alí, por las Camelias.

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** E miro, parece que no, dóeme, sabes?

**ENTREVISTADOR:** Doe.

**ENRIQUE:** E donde ti, de chaval foches algo, e estuveches alí, dis, conchó...que pena! Como está isto, como estaba! No?

**ENTREVISTADOR:** Claro, como nós tamén.

**ENRIQUE:** Ha muito que...

**ENTREVISTADOR:** E a ver aquí están, este, este é o corte así no? aquí están os silos, o mirador

**ENRIQUE:** É,é!

**ENTREVISTADOR:** Aquí está a..., onde estaban os fornos, esta parte. Despois arriba a molinería, non é?

**ENRIQUE:** Sí.

**ENTREVISTADOR:** Encima xusto, e despois encima que había? Aquí nesta parte, no, na parte más estreita, aquí.

**ENRIQUE:** Sí.

**ENTREVISTADOR:** Se lembra de qué había ahí?... no... Esto, esto son fotos que sacamos do taller, me parece, no? Aquí está un esmeril...

**ENRIQUE:** Sí.

**ENTREVISTADOR:** E pois, aquí máis máquinas tamén

**ENRIQUE:** (*imperceptible*)

**ENTREVISTADOR:** E esto, esto que é, unha cinta transportadora, non? Non se da conta usted. Está un pouco vello xa a cousa tamén.

**ENRIQUE:** É unha cinta portadora.

**ENTREVISTADOR:** Transportadora, sí, non sei, pregunto eu. Esto está, é unha pasarela que hai encima de unha das rúas, que pasaban os camións por debaixo.

**ENRIQUE:** Nos tiñamos, cinta portadora. Mira aquí... esta fari... aquí, esto estaba cheo de, de fariña...

**ENTREVISTADOR:** Ajá.

**ENRIQUE:** E aquí caía nas masadoras.

**ENTREVISTADOR:** Nas amasadoras.

**ENRIQUE:** Eran redondas, entón dábase unha palanca, caía e amasabaas.

**ENTREVISTADOR:** Isto é arriba de todo, alí donde está o mirador dos silos, sabes? Que tiñan, non? da distribución de...

**ENRIQUE:** Aquí..., bueno a rúa Santiago está un pouco alta, porque... baixaron o... Carreño non te (*imperceptible*)

**ENTREVISTADOR:** Lle escavaron alí

**ENRIQUE:** Non ves o muro, e despois unha casiña arriba?

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** Na entrada.

**ENTREVISTADOR:** Ahá.

**ENRIQUE:** Pois chegába, ata, hasta a casi hasta ahí. A carretera da Rúa Santiago pa arriba.

**ENTREVISTADOR:** Ajá. Escabaron para facer a...

**ENRIQUE:** Aquelo despois se foron arreglando as calles, y tal.

**ENTREVISTADOR:** E iso quén o arreglou, a compañía? A Panificadora foi, a que arreglou?

**ENRIQUE:** Sí, algunas casas por alí había da Panificadora.

(...)

**ENTREVISTADOR:** Tiña que ir dentro, usté un día. Non lle gustaría pasear por alí outra vez.

**ENRIQUE:** Hombré!! Na por..., na entrada hai unha, unha casita de pedra.

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** Na entrada do portalón

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** Ahí, eso era a fábrica, e ahí tiñan un muchacho, que traballaba no despacho abaixo, a..., a calificar o pan, pa un lao, pa o outro, non sabes? Que puña, que tomaba as notas y tal. Entonces...

**ENTREVISTADOR:** Pero...

**ENRIQUE:** Esa casa vivía ahí, y ahora.

**ENTREVISTADOR:** Está vacío, no?

**ENRIQUE:** Ná.

(...)

**ENRIQUE:** Pero andaba o Ayuntamiento muito ahí con un problema.

**ENRIQUE:** De nada. Che digo eu o que sei porque foron tantos anos, xa, e todo aquilo que... Vouche a contar un detalle, do cal eu sinto satisfacción, eu e os compañeiros meus, eh! Sei que hai moita costumbre de decir: porque yo tal; porque estoy muy orgulloso, non me gusta a palabra orgulloso; porque soy tal; non me gusta a palabra orgulloso. Pa min esa palabra, nunca me gustou, porque parece que orgulloso... (*incompresible*), eu xa te digo, sinto: a satisfacción de habelo feito.

**ENTREVISTADOR:** A satisfacción de habelo feito.

**ENRIQUE:** Non aquilo; non: estou orgulloso diso.

**ENTREVISTADOR:** Máis.

**ENRIQUE:** Pa min, é unha palabra distinta, e dicir, satisfacción é outra, non?

**ENTREVISTADOR:** Ajá.

**ENRIQUE:** Bueno. Eu chegei a esta (*incomprensible*) do traballo, eu e os meus compañeiros, que ningún inspector de traballo fixera ningunha inspección de noite nas panaderías.

**ENTREVISTADOR:** Nunca fixeron unha inspección de noite..., de noite.

**ENRIQUE:** Cando entramos nós a facer o noso sindicato no. E me dice un delegado: ---Oiga Fontán, usted no se pasa? Porque vamos, vamos a ver...-

As veces hai que ter unha razón pa convencer a persoa.

**ENTREVISTADOR:** Uhum.

**ENRIQUE:** E me dice:

-Cómo me (*incomprensible*)?

- Yo no digo que yo vaya despertaros. Yo digo que no vayan los descontroles.

- Ah!- Y dice- Ah! Y cómo?-

- Muy bien, le voy a dar un ejemplo, y usted que es más estudiao que yo- Un con o tempo también vai perdendo un pouco-

**ENTREVISTADOR:** Je!

**ENRIQUE:** A cousa é así.

**ENTREVISTADOR:** Está ben.

**ENRIQUE:** E me dice:

- A ver explicate.-

- Mira, y usted lo sabe como...; si un inspector vai de noite a unha panadería...

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** -..., e non encontra nada... (*facendo o aceno do diñeiro*)-

**ENTREVISTADOR:** Ah!

**ENRIQUE:** En sempre, e aunque non sea así, leva a fama. Porque de verdá, foi a facerlle a inspección, e... e non encontrou a nadie e está fulano, fulano, fulano.

- Entonces mire, para quedar bien ustedes, e quedar nós, que o inspector non vai se nós e nós non vamos sen o inspector.

**ENTREVISTADOR:** Sempre acom..., entón...

**ENRIQUE:** Así, así non che podía andar coa man dobrada.

**ENTREVISTADOR:** Xa, porque...

**ENRIQUE:** Iban a panadería: ah, vengo a hacer inspección; ah, ala, da, dalle. Falaban con él na porta, dábanlle que se marchara, que non levantaba acta do que había. E así foi a ... (*Rí*).

(...)

**ENRIQUE:** (...)Bueno y ahora unha cousa, unha pregunta, me dixeches unha cousa que (*rindo*), que teño duda.

**ENTREVISTADOR:** Sí

**ENRIQUE:** Que vos interesa a vos?

**ENTREVISTADOR:** Nos interesa porqueee..., por unha parte por onde está, que está no centro da cidade.

**ENRIQUE:** Sí.

**ENTREVISTADOR:** En moi bon sitio, moi bon sitio, e nós queremos que a rehabiliten, que..., que non, que non vaia a desaparecer, que a conserven, e a mellor xeito de que se conserve e que volva a haber cousas dentro. Non dicimos unha fábrica de pan, porque ao mellor xa non é o tempo, as cousas xa non funcionan como cando, naquela época.

**ENRIQUE:** Non, agora non aconsello.

**ENTREVISTADOR:** Agora xa non, pero o edificio vale moito.

**ENRIQUE:** Antes era, porque miras...

**ENTREVISTADOR:** É bo, é un bo edificio, ou non está ben feito o edificio. E un bo edificio, e hai que conservalo. E é parte tamén da historia da cidade, porque esa fábrica deu de, de comer a moita xente. Deu traballo pa moita xente.

**ENRIQUE:** Esa é, esa é unha cousa que, como de..., e unha cousa antigo que había que conservarlo, sempre o dixen eu.

**ENTREVISTADOR:** Claro, que sí!

**ENRIQUE:** Coño, esto debía de conservarse, coño. Darlle unha reforma porque está caindo.

**ENTREVISTADOR:** Está caindo

**ENRIQUE:** Estaban, están os fíos alí, sen pispar...

**ENTREVISTADOR:** Ardeu, ardeu, tivo un incendio non sei o sabe.

**ENRIQUE:** (*imperceptible*)

**ENTREVISTADOR:** Entón claro, se non..., se facemos algo agora nós, vai desaparecer xa para sempre. Unha...,

**ENRIQUE:** Sí, sí.

**ENTREVISTADOR:** ..., unha vez que se vaia a merda, xa non hai nada...

**ENRIQUE:** Sabes pa qué é?

**ENTREVISTADOR:** Pa qué?

**ENRIQUE:** Pa facer vivendas.

**ENTREVISTADOR:** Eso é o que queren, queren tiralo, tiralo abaixo.

**ENRIQUE:** (*Ríse*)

**ENTREVISTADOR:** Ah! Eso sí.

**ENRIQUE:** E vós. Vana votala abaixo.

**ENTREVISTADOR:** Sí pero bueno, pero... hai outros sitios donde facer casas.

**ENRIQUE:** (*Rí*)

**ENTREVISTADOR:** E alí tamén pois nos cremos que para o barrio, que está alí aquilo...



**ENRIQUE:** Sí, sí...

**ENTREVISTADOR:** ...,agora non está..., non é como antes, agora da pena aquilo, todo ao redor.

**ENRIQUE:** Sí, sí,...

**ENTREVISTADOR:** E tamén, e... cremos que pode ser útil para o barrio tamén.

**ENRIQUE:** E eu...

**ENTREVISTADOR:** E para a cidade.

**ENRIQUE:** Claro, a Pani..., a Panificadora...

**ENTREVISTADOR:** É historia da cidade.

**ENRIQUE:**..., foi a mellor de, de España entonces.

**ENTREVISTADOR:** Sí, sí era moi importante.

**ENRIQUE:** Un hermano meu, que morreu maior, o mandaran para..., pa Huelva me parece que foi...

**ENTREVISTADOR:** Pode ser...

**ENRIQUE:** Palá, pa unha..., pa una fábrica tamén que montaron alá e pediron aquí, para que lle mandase, se tiñan algún, e mandaron o meu irman, como técnico alí da, da...

**ENTREVISTADOR:** Tiñan, a Compañía tamén...

**ENRIQUE:** Como ha..., de..., non sei se sería da Compañía, me parece que non.

**ENTREVISTADOR:** Non?

**ENRIQUE:** No, viñeron ahí e..., le hablaron y tal..., entón, bueno a ver se Fontán va, e foi o meu irmán. Eeee... moi irmán foi, eeee... todo aquilo que... Iba por unha temporada, e quedou bastante tempo, non sabes? Despois, tamén se casou, e todo estas cousas que pasan durante a vida.

**ENTREVISTADOR:** Claro.

**ENRIQUE:** E tal, e viñiuse pa aquí.

**ENTREVISTADOR:** Outra vez.

**ENRIQUE:** Despois tuvo que escapar pa a Legión, porque o querían pasar pola pedra.

**ENTREVISTADOR:** En qué ano? Querían..., qué tivo que fuxir?

**ENRIQUE:** Entonces, como él era, estaba na Casa, que chamamos, pois chamanlle A Casa del Pueblo.

**ENTREVISTADOR:** Sí, sí, a UGT non?

**ENRIQUE:** E...y daquela era Sindicatos, aquela torre. Entonces meu irmán estaba alí, traballaba na Panificadora, e tamén estaba alí..., o secretario do sindicato, do sindicato en general, non o que tiña eu de...

(...)

**ENRIQUE:** Pois o pai traballaba na Panificadora, un primo traballaba na Panificadora, e así. Traballadores general, despois xa eran moitos, de ahí de Mondariz, non sabes? Y bien, bien, pero.... foi unha pena que desapareceu. Hoxe non sei, porque hoxe o pan anda tirao.

(...)

**ENTREVISTADOR:** Sí. E canto custaba o pan?

**ENRIQUE:** O pan, non sei pa o que era medio kilo e kilo, eh!

**ENTREVISTADOR:** Erá?

**ENRIQUE:** Me..., medio kilo e cuarto kilo. Por kilo...

**ENTREVISTADOR:** Sí, sí.

**ENRIQUE:** Me parece que valía, vinte céntimos.

**ENTREVISTADOR:** Vinte céntimos. Que era o que comía unha familia, non? Un kilo de pan.

**ENRIQUE:** Bue... Jeje... a sei, ademáis era carne, eh!

**ENTREVISTADOR:** Era pan.

**ENRIQUE:** Era carne.

**ENTREVISTADOR:** Jeje... non o de agora.

**ENRIQUE:** Non? Digo eu, se ti miras pan medio nejhro, pan o emborrachar..., non, non hai gusto.

**ENTREVISTADOR:** Qué era, pan branco, non?

**ENRIQUE:** Hai que tirar cartos, e non importa a xente que morra...(ri)

**ENTREVISTADOR:** E, e vostede que tiña o pan gratis, non? De traballar na Panificadora con, polo menos o pan non, non o tiña gratis?

**ENRIQUE:** Un kilo!

**ENTREVISTADOR:** Un kilo de pan gratis, tiña!

**ENRIQUE:** Tes sí, no sueldo entraba un kilo de pan, claro.

**ENTREVISTADOR:** Un kilo de pan. Pagaban en, en especie tamén.

**ENRIQUE:** Síii. A min mo daban.

**ENTREVISTADOR:** E comía todo vostede?

**ENRIQUE:** Sendo aprendiz, sendo aprendiz me daban un kilo.

**ENTREVISTADOR:** Un kilo de pan. O sea, que cobraba, unha peseta e un kilo de pan,... o día.

**ENRIQUE:** Alí un kilo de pan.

**ENTREVISTADOR:** Bue...

**ENRIQUE:** E como, o tiñan que levar moi controlao, porque nos encontrábase que.... En cada ayuntamiento había un peso.

**ENTREVISTADOR:** Unha báscula, que...

**ENRIQUE:** Sí. Se cuadra aquí era un kilo, alá 600 gramos, alá (*incomprensible*)... E nos cando salía o pan do forno pola tubería, estábamos (*como con eco*): BUEU...

**ENTREVISTADOR:** Cómo?

**ENRIQUE:** Así: BUEU.

**ENTREVISTADOR:** Bueu!

**ENRIQUE:** Cangas. Entón apartaban a cesta, e puñan outra cesta pa mandar pa Cangas. Na Ría tiñamos que decirlle, pa onde iba, entón gritábase: Bueu! Cangas! Moaña!

**ENTREVISTADOR:** Pero entonces que, os de Bueu, os de Cangas, comían un pan diferente que os de Vigo?

**ENRIQUE:** (*Rie*)

**ENTREVISTADOR:** O, o pedazo de pan era diferente, dependendo do municipio.

**ENRIQUE:** Síii, sí, de peso diferente

**ENTREVISTADOR:** De peso diferente.

**ENRIQUE:** É así.

**ENTREVISTADOR:** E, e, e por qué eso?

**ENRIQUE:** Porque cada ayuntamiento puña o seu peso.

**ENTREVISTADOR:** Puña o seu peso. E o precio tamén? Cambiaba? O precio era diferente.

**ENRIQUE:** No, o precio daquela, cambiaba..., dalá era máis caro, mandalo palá era máis caro, porque había que levar o camión.

**ENTREVISTADOR:** Claro, entonces cobraban o transporte no peso.

**ENRIQUE:** Claro, é así.

**ENTREVISTADOR:** Carallo! (*Ri*)

**ENRIQUE:** Y é así.

**ENTREVISTADOR:** Entonces claro, pa Vigo era unha venta... , si eras de, eras de Vigo tiñas unha ventaxa, no?

**ENRIQUE:** Sí.

**ENTREVISTADOR:** Porque tiñas, tiñas máis pan ao mesmo precio. Ao ter a fábrica cerca, no?

**ENRIQUE:** Aquí no eeee...., é que hai cousas que daquela, cando estaba o pan racionao...

**ENTREVISTADOR:** Sí.

**ENRIQUE:** ... había cada cola...

**ENTREVISTADOR:** Na fábrica, alí, na cola da fá...?

**ENRIQUE:** Había cola nas panaderías, e o pan é racionao, porque daban un bollo, media barra de pan, máis pequena, máis grande, dábanllas aos que estaban na cola, tiñan que vir cun volante de abastecimientos...

**ENTREVISTADOR:** Sí

**ENRIQUE:** ..., para recoller o pan.

**ENTREVISTADOR:** E tiñas ese e nón máis.

**ENRIQUE:** Non podías comer, levar, un máis nen un menos.

**ENTREVISTADOR:** O que te tocaba a cada un.

**ENRIQUE:** Cousas da guerra.

**ENTREVISTADOR:** Xa...., tempo...

**ENRIQUE:** É triste pero..., xa pasou.

**ENTREVISTADOR:** Xa pasou. Uuuu...

**ENRIQUE:** Espero que mellore un pouco isto, que esto o miro moi..., moi mal.

**ENTREVISTADOR:** Cómo?

**ENRIQUE:** Que mellore un pouco, porque o miro mal, eh!

**ENTREVISTADOR:** O qué? A...

**ENRIQUE:** O país, o miro...

**ENTREVISTADOR:** Agora?

**ENRIQUE:** Sí.

**ENTREVISTADOR:** Búa, tal como, algunhas cousas,... O, o pan non falta agora.

**ENRIQUE:** Ah non!

**ENTREVISTADOR:** *(Rí)*

**ENRIQUE:** Ah non! Pero me refiero eu no sentido económico, xa mira como ven a prensa, este...

**ENTREVISTADOR:** Agora está este.

**ENRIQUE:** Mira a Panificadora...

**ENTREVISTADOR:** Agora non hai traballo.

**ENRIQUE:** Mira a Citroën.

**ENTREVISTADOR:** Xa.

**ENRIQUE:** Cantos votou?

**ENTREVISTADOR:** Xa, xa, xa.

**(...)**